



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN EXCLUSIVA DE VIVENDAS MUNICIPAIS AFECTAS A EDUCACIÓN**

### **Artigo 1.- Natureza e Fundamento**

- 1.1. Ó abeiro do establecido nas facultades reguladas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española do 28 de decembro de 1978; 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 20 e 58 da Lei 29/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais acórdase a imposición e ordenación da taxa pola utilización exclusiva de vivendas municipais afectas a educación.

### **Artigo 2.- Feito imponible**

- 2.1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización exclusiva de vivendas municipais afectas a educación.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

- 1.1. Están obrigados ó pago da taxa as persoas que disfruten de unha das vivendas de dominio público deste Concello afectas a educación.

### **Artigo 4.- Exencións e bonificacións**

- 1.1. Agás o disposto en normas con rango de lei ou tratados internacionais, non se admitirán exencións e bonificacións na taxa regulada nesta ordenanza fiscal.

### **Artigo 5.- Cota**

- 1.1. A cota desta taxa será de 120.20 € mensuais por cada vivenda, impostos excluídos.

### **Artigo 6.- Devengo, período impositivo e ingreso**

- 6.1. A cota da taxa regulada nesta ordenanza fiscal devéngase no momento en que se autorice o disfrute de cada vivenda.
- 6.2. O período impositivo será mensual.
- 6.3. O pago da taxa efectuarase a mes vencido, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante da vivenda, por escrito, xunto coa solicitude de disfrute de cada vivenda.
- 6.4. Causarán baixa inmediata no disfrute da vivenda aqueles beneficiarios/as que teñan unha demora no pago de dous meses consecutivos ou tres alternos.

### **Artigo 7.- Infraccións e sancións**

- 7.1. Para todo o relativo a infraccións tributarias así como a súa cualificación e as sancións procedentes estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, na Lei de Dereitos e Garantías dos Contribuintes e na restante normativa de aplicación.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## Artigo 8.- Normas de xestión

- 8.1. As contías esixibles consonte as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados.
- 8.2. No suposto de que a entrada en vigor desta ordenanza fiscal os beneficiarios xa estiveran disfrutando dunha vivenda municipal afecta a educación neste Concello, iniciarase a obrigaón de abonar a cota tributaria o primeiro día do mes seguinte o de recibir a notificación da contía.
- 8.3. Unha vez autorizada a ocupación, senón se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogado ate que se presente a declaración de baixa polos interesados.
- 8.4. A presentación de baixa surtirá efecto a partir do día primeiro do mes seguinte ó da súa presentación no Rexistro Xeral do Concello.
- 8.5. No importe da cota non se inclúen, no seu caso, os importes correspondentes as taxas por abastecemento, saneamento e recollida de lixo, así como os gastos de subministro de enerxía eléctrica, teléfono e calquera outro similar.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

**PRIMEIRA:** para o non previsto nesta ordenanza fiscal aplicarase o establecido na Lei Xeral Tributaria de Dereitos e Garantías dos contribuintes e restante normativa de aplicación.

2

**SEGUNDA:** esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra, e comezará a aplicarse o día primeiro do seguinte mes en que sexa definitiva, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación.